

ACTA NÚM. 7/2021.

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 8 DE SETEMBRO DE 2021.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 8 de setembro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

CARLOS NOYA PEREIRA.
 SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
 MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
 MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
 MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.
 JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.
 YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.
 NATALIA FARIÑA GARCÍA.

-. BNG:

FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
 XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asisten:

WALDO CARBALLO GARCÍA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 04.08.2021.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.06.2021 AO 03.09.2021.

4º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2021.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2021.

6º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUME DOS RESULTADOS DE CONTROL INTERNO EJERCICIO 2020 DO CONCELLO.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA SOBRE A DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE OS DISCURSOS DE ODIÓ ADOPTADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA DO 30.07.2021.

8º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DE 2020.

9º) MOCIÓNS.

10º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

Dada conta da resolución da alcaldía do 31.08.2021, que transcrita di:

O Pleno do Concello en sesión de data 17.06.2011 aprobou a modificación do regulamento orgánico municipal, téndose publicado a mesma no BOP do 10.08.2011, establecendo que o Pleno ordinario correspondente ao mes de agosto trasladarase ao primeiro mércores do mes de setembro. En casos excepcionais e debidamente xustificadas poderá adiantarse ou retrasarse pola alcaldía a celebración do Pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar o decreto da alcaldía de cambio do día de celebración.

Resultando que no Concello neste momento non existe ningún funcionario que puidese tramitar os expedientes competencia do Pleno, por atoparse de vacacións os habilitados nacionais, resolvo:

1º) Retrasar a sesión ordinaria que debía celebrarse o mércores día 1 de setembro ao mércores 8 de setembro, ás 13,00 horas, polos motivos expostos.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello para os efectos da súa ratificación.

Sometida a votación a súa ratificación o Pleno por unanimidade dos doce membros presentes acorda ratificala.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 04.08.2021.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 6/2021, do 04.08.2021.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.06.2021 AO 03.09.2021.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
000305/2021	11/06/2021	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.
000306/2021	14/06/2021	RECTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA RELATIVO AO MES DE MAIO DE 2021.

000307/2021	14/06/2021	M.C. Nº 10/2021: IRC EX. 2020 (IDAE 2019, BASTAVALIÑOS 2020, BEIRARRÚAS 2020, PELRE 2020 E REDCU 2020)
000308/2021	15/06/2021	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB/6.21
000309/2021	15/06/2021	MC Nº 11/2021: TC ENTRE APLICACIÓNS MESMA ÁREA DE GASTO OU QUE AFECTAN A CRÉDITOS DE PERSOAL
000310/2021	15/06/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN TRIBUTARIA MODELO 111. MAIO 2021.
000311/2021	15/06/2021	DECRETO DE CORRECCIÓN DE ERROS NO DECRETO 213/2021.
000312/2021	15/06/2021	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚMERO 3 (FINAL) DO CONTRATO DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN VARIAS ZONAS URBANAS DO CONCELLO DE BRIÓN.
000313/2021	15/06/2021	PUBLICANDO NO PORTAL DE TRANSPARENCIA AS DECLARACIÓNS DO REXISTRO DE INTERESES DO ACTUAL MANDATO 2019-2023.
000314/2021	15/06/2021	DECRETO DE RESOLUCIÓN DE INICIO DE PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
000315/2021	15/06/2021	DECRETO DE RESOLUCIÓN DE INICIO DE PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
000316/2021	15/06/2021	CONTRATACIÓN AXENTE DE IGUALDADE.
000317/2021	15/06/2021	DECRETO DE DEVOLUCIÓN DE TAXA POR DEREITOS DE EXAME.
000318/2021	17/06/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/27 CONTRATO.
000319/2021	17/06/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/28 (+3.000).
000320/2021	17/06/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/29 ENERXÍA ELÉCTRICA.
000321/2021	17/06/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/30.
000322/2021	17/06/2021	AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA 02-2021.
000323/2021	17/06/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DE NÓMINA. PAGA EXTRA XUÑO 2021.
000324/2021	21/06/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 22/06/2021, ÁS 14.00 HORAS.
000325/2021	21/06/2021	APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN AMIGA PARA A ATENCIÓN XURÍDICA DAS PERSOAS INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADOS DURANTE 2021
000326/2021	21/06/2021	MC Nº 12/2021: TC ENTRE APLICACIÓNS MESMA ÁREA DE GASTO (PARA ADQUISICIÓN 6 CARPAS ACTIVIDADE CONCILIA-VERÁN)
000327/2021	21/06/2021	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 4 E FINAL DA OBRA DE PROXECTO MODIFICADO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA TRAVESÍA DE BASTAVALIÑOS.
000328/2021	22/06/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN DO LIXO 2021.
000329/2021	23/06/2021	DECRETO CONTRATO MONITORAXE OBRADOIROS LÚDICOS 2021.
000330/2021	23/06/2021	DECRETO CONTRATO MONITORAXE OBRADOIROS DEPORTIVOS.
000331/2021	23/06/2021	DECRETO CONTRATO OBRADOIRO BATUCADA.
000332/2021	23/06/2021	DECRETO CONTRATO TRANSPORTE OBRADOIROS LÚDICOS E DEPORTIVOS.
000333/2021	23/06/2021	DECRETO DE RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
000334/2021	23/06/2021	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS DÍA 28.06.2021.
000335/2021	23/06/2021	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA OA CEIP DE PEDROUZOS.
000336/2021	23/06/2021	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA OA IES DE BRIÓN.
000337/2021	23/06/2021	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á EEI OS ÁNXELES.

000338/2021	23/06/2021	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á EEI DE SABAXÁNS.
000339/2021	23/06/2021	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE BRIÓN.
000340/2021	23/06/2021	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN DE MULLERES XUNTANZA.
000341/2021	23/06/2021	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CLUB DE PATINAXE ARTÍSTICA DE BRIÓN.
000342/2021	23/06/2021	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CLUB DE PATINAXE TORRES DE ALTAMIRA.
000343/2021	23/06/2021	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CLUB DE BALONCESTO DE BRIÓN.
000344/2021	23/06/2021	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CLUB DEPORTIVO DE BRIÓN.
000345/2021	23/06/2021	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á SOCIEDADE DEPORTIVA CAZADORES DE ALTAMIRA.
000346/2021	24/06/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/32.
000347/2021	24/06/2021	CONTRATO DE ACTUACIÓNS REDE CULTURAL DE DEPUTACIÓN 2021.
000348/2021	24/06/2021	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS CON MOTIVO DO XACOBEO 21-22: CULTURA NO CAMIÑO.
000349/2021	24/06/2021	DEVOLUCIÓN FIANZA.
000350/2021	24/06/2021	DECRETO DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS PRECIO PÚBLICO ESCOLA DE MÚSICA.
000351/2021	24/06/2021	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2021-2022: CAMIÑO ENTRE SANTO ARANDEL - XINZO - CHAVE DE CARBALLO.
000352/2021	25/06/2021	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DO CONTROL DE CALIDADE DA OBRA DO PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2021-2022: CAMIÑO ENTRE SANTO ARANDEL - XINZO - CHAVE DE CARBALLO.
000353/2021	28/06/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 29/06/2021, ÁS 14.00 HORAS.
000354/2021	28/06/2021	CONTRATO SUBMINISTRO CARPAS PARA O PROGRAMA DE CONCILIACIÓN
000355/2021	28/06/2021	CONTRATO SERVIZO TRANSPORTE OBRADOIRO DE EMPREGO FORESTAMES-BRION
000356/2021	29/06/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DE NÓMINA. XUÑO 2021.
000357/2021	29/06/2021	DECRETO DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
000358/2021	30/06/2021	AUTORIZACIÓN DE USO EN PRECARIO DE VIVENDA MUNICIPAL EN CORUXIDO-BASTAVALES, POR CAUSA DE EMERXENCIA SOCIAL
000359/2021	30/06/2021	APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO POS + ADICIONAL 2/2021 CONFIRMANDO A APLICACIÓN DA ACHEGA PROVINCIAL Á OBRA DO POS + COMPLEMENTARIO DE: MELLORA DE VIARIOS EN O CABO E A GRAÑA.
000360/2021	30/06/2021	NOMEAMENTO DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS CON CARÁCTER INTERINO POR UN PERÍODO DE 6 MESES.
000361/2021	30/06/2021	M.C. Nº 13/2021: X.C. SUBVENCIÓN 2021 DOTACIÓN NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO E MELLORA DAS COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS
000362/2021	30/06/2021	ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2021.
000363/2021	30/06/2021	AUTORIZACIÓN DE LICENZA MUNICIPAL PARA A TENZA DE ANIMAIS PONTENCIALMENTE PERIGOSOS
000364/2021	01/07/2021	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 153

000365/2021	01/07/2021	LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS P.P. E A SÚA INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL
000366/2021	01/07/2021	MC Nº 14/2021: XERACIÓN DE CRÉDITOS SUBV. FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL ANO 2021 PROXECTO ADQUISICIÓN ROZADOIRA PARA TRABALLOS DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE
000367/2021	01/07/2021	Aprobación MC Nº 15/2021: TC APLICAC. MESMA ÁREA DE GASTO OU QUE AFECTAN A CRED. PERSOAL (ACHEGA MUNICIPAL PROXECTO FONDO DE COMPENSAC. AMBIENTAL 2021)
000368/2021	05/07/2021	SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS P.P.
000369/2021	05/07/2021	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB/7.21
000370/2021	05/07/2021	XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 06/07/2021, ÁS 12.00 HORAS.
000371/2021	05/07/2021	DECRETO DE RECTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA RELATIVO AO MES DE XUÑO DE 2021.
000372/2021	05/07/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE: CAMIÑO DE AMAÑECIDA ATA GRAÑA E OUTROS.
000373/2021	05/07/2021	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XUÑO DE 2021
000374/2021	05/07/2021	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XUÑO DE 2021
000375/2021	06/07/2021	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL XULLO
000376/2021	06/07/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2021-2022: CAMIÑO ENTRE SANTO ARANDEL-XINZO-CHAVE DE CARBALLO.
000377/2021	06/07/2021	SUBMINISTRO DUNHA ROZADOIRA DE BRAZO PARA TRABALLOS DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE (FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2021).
000378/2021	06/07/2021	DECRETO PADRÓN AXUDA NO FOGAR BÁSICA XUÑO
000379/2021	06/07/2021	DECRETO PADRON SEVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA XUÑO
000380/2021	07/07/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN TRIBUTARIA MODELO 111. XUÑO 2021.
000381/2021	07/07/2021	DECRETO DE EXPEDIENTES SANCIONADORES DE MULTAS DE TRÁFICO.
000382/2021	07/07/2021	DECRETO DE INICIO PROCÉDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
000383/2021	08/07/2021	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 154
000384/2021	08/07/2021	BAIXA XANTAR NA CASA EXPTE. Nº 40
000385/2021	08/07/2021	DECRETO ASISTENCIAS A SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS ABRIL-XUÑO
000386/2021	08/07/2021	DECRETO DEVOLUCIÓN DE AVAL E FIANZA
000387/2021	08/07/2021	DEVOLUCIÓN FIANZA
000388/2021	09/07/2021	DECRETO DE PRÓRROGA DA LISTA DE AGARDA DE TÉCNICOS/AS DE EDUCACIÓN INFANTIL.
000389/2021	09/07/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA DE CAMIÑO ENTRE AMAÑECIDA ATA GRAÑA E OUTROS.
000390/2021	12/07/2021	AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA 03-2021
000391/2021	12/07/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE REFORZO DA LIMPEZA E DESINFECCIÓN POR MOTIVO DO COVID-19, NA ESCOLA INFANTIL DOS ÁNXELES.
000392/2021	12/07/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 13/07/2021, ÁS 14.00 HORAS.
000393/2021	13/07/2021	APROBACIÓN DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E CENTRO SOCIAL POLIVALENTE.
000394/2021	13/07/2021	SOLICITANDO LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA ANIMAIS PERIGOSOS

000395/2021	13/07/2021	DECRETO DE RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
000396/2021	15/07/2021	DECRETO DEVOLUCIÓN AVAIS
000397/2021	16/07/2021	DECRETO DE VEHÍCULO ABANDONADO URBANIZACIÓN BALADO 2, OS ÁNXELES (TOYOTA COROLLA).
000398/2021	16/07/2021	DECRETO DE APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLO SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2021.
000399/2021	16/07/2021	CONVOCATORIA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS DO 09.08.2021, ÁS 13.00 H.
000400/2021	19/07/2021	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SUBMINISTRO:TRACTOR.
000401/2021	20/07/2021	APROBACIÓN DA CONTINUACIÓN DA PRESTACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR ATA O 31.10.2021.
000402/2021	20/07/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/33
000403/2021	20/07/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/34 CONTRATO
000404/2021	20/07/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/35 ENERXIA ELECTRICA
000405/2021	20/07/2021	DIETAS E LOCOMOCIÓNS PERSOAL - XANEIRO A XULLO 2021
000406/2021	20/07/2021	DECRETO DE RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
000407/2021	21/07/2021	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 16/2021: GENERACIÓN DE CRÉDITO APROL RURAL 2021-2022
000408/2021	21/07/2021	DECRETO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL . APROL RURAL 2021.
000409/2021	21/07/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/36 (+3.000€)
000410/2021	23/07/2021	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DUNHA ROZADOIRA DE BRAZO PARA TRABALLOS DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE (FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2021).
000411/2021	26/07/2021	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 155
000412/2021	26/07/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 27/07/2021, ÁS 14.00 HORAS.
000413/2021	27/07/2021	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: PAVIMENTACIÓN DA TRAVESÍA DE BASTAVALIÑOS.
000414/2021	27/07/2021	DECRETO DE RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO
000415/2021	28/07/2021	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. XULLO 2021.
000416/2021	28/07/2021	DECRETO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE DOUS CONDUTORES PARA A CUADRILLA DE OBRAS MUNICIPAL.
000417/2021	28/07/2021	DECRETO CONTRATO MENOR MONITORAXE CAMPAMENTOS DE VERÁN
000418/2021	28/07/2021	DECRETO CONTRATO MENOR CATERING CAMPAMENTOS VERAN
000419/2021	28/07/2021	CONTRATO MENOR ALOXAMENTO CAMPAMENTOS DE VERÁN 2021
000420/2021	29/07/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. XULLO 2021.
000421/2021	29/07/2021	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS DÍA 3 DE AGOSTO 2021, ÁS 13,00 HORAS.
000422/2021	29/07/2021	CONVOCATORIA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS DÍA 03.08.2021, ÁS 13,15 HORAS.
000423/2021	29/07/2021	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO DÍA 04.08.2021, ÁS 13,00 HORAS.
000424/2021	29/07/2021	Aprobación MC Nº 17/2021: GC SUBVENCIÓN 1ª FASE POS+ADICIONAL 2/2021
000425/2021	30/07/2021	LIQUIDACION TASACION COSTAS RECURSO NÚM. RCA/0000551/2021
000426/2021	30/07/2021	RELACION DE FACTURAS F/2021/37 ENERXIA ELECTRICA

000427/2021	30/07/2021	RELACION DE FACTURAS F/2021/39 CONTRATO
000428/2021	30/07/2021	RELACION DE FACTURAS F/2021/38
000429/2021	02/08/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 03/08/2021, ÁS 14.00 HORAS.
000430/2021	03/08/2021	ALTAS PADRON DE HABITANTES MES DE XULLO DE 2021
000431/2021	03/08/2021	BAIXAS PADRON DE HABITANTES MES DE XULLO DE 2021
000432/2021	03/08/2021	RESOLUCION SANCIONADORA
000433/2021	03/08/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN TRIBUTARIA MODELO 111. XULLO 2021.
000434/2021	04/08/2021	PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
000435/2021	04/08/2021	DECRETO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO PARA A POLICIA LOCAL POR RENTING
000436/2021	04/08/2021	BAIXA EN XANTAR A DOMICILIO E.C.P.C.
000437/2021	05/08/2021	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NUMERO FIXO 253000587534
000438/2021	05/08/2021	DECRETO DE MODIFICACIÓN DO DECRETO NÚMERO 339/2021, DE DATA 23.06.2021, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE BRIÓN.
000439/2021	05/08/2021	M.C. Nº 19/2021: G.C. SUBVENCIONES DINAMIZACIÓN DE LA LECTURA Y RISGA 2021-2022
000440/2021	06/08/2021	DECRETO PADRON SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA XULLO
000441/2021	06/08/2021	DECRETO PADRON SERVIZO AXUDA NO FOGAR BASICA XULLO
000442/2021	06/08/2021	SOLICITUDE CAMBIO VEHICULO-TAXI E EXPEDICION DE LICENCIA MUNICIPAL E TARXETA VT-N
000443/2021	10/08/2021	CORRECCION DE ERRO NA RESOLUCION 2021/G003/000458
000444/2021	10/08/2021	BAIXA RECIBO DO LIXO CON NUMERO FIXO 253000462896
000445/2021	11/08/2021	APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSONAL PERCEPTOR DE RISGA
000446/2021	11/08/2021	DECLARACIÓN DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA DO PERSOAL MUNICIPAL
000447/2021	12/08/2021	RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO
000448/2021	12/08/2021	BAIXA RECIBO DO LIXO ANO 2021
000449/2021	13/08/2021	DECRETO SOLICITUDE SUBVENCIÓN PROGRAMA INTEGRADO AMES-BRION 2021-2022
000450/2021	16/08/2021	M.C. Nº 20/2021: XERACIÓN DE CRÉDITO SUBV. CONTRATACIÓN 1 TÉCNICO DE ORIENTACIÓN LABORAL
000451/2021	16/08/2021	M.C. Nº 21/2021: TC ENTRE APLIACIÓNS MESMA ÁREA DE GASTO (PGFA 2020/2/CHAVE/1)
000452/2021	17/08/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLO SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2021.
000453/2021	17/08/2021	RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
000454/2021	23/08/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA POS + 2021: AMPLIACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NAS ALDEAS DE SAN SALVADOR E O CABO.
000455/2021	23/08/2021	DECRETO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL NO PROGRAMA RISGA 2021
000456/2021	23/08/2021	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 05/2016-D
000457/2021	23/08/2021	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 09/2020-D

000458/2021	23/08/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN EN BASTAVALIÑOS.
000459/2021	24/08/2021	CORRECCIÓN DE ERROS. DECRETO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL NO PROGRAMA RISGA 2021.
000460/2021	26/08/2021	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB8.21 - AGOSTO 2021
000461/2021	26/08/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/40
000462/2021	26/08/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/41 CONTRATO
000463/2021	26/08/2021	DEVOLUCIÓN INGRESO INDEBIDO
000464/2021	27/08/2021	RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
000465/2021	27/08/2021	RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
000466/2021	30/08/2021	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 08/2019-D
000467/2021	30/08/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. AGOSTO 2021.
000468/2021	30/08/2021	DECRETO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL SUBSTITUTO POR EXCEDENCIA VOLUNTARIA. ESCOLA INFANTIL
000469/2021	31/08/2021	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE AGOSTO DE 2021
000470/2021	31/08/2021	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE AGOSTO DE 2021
000471/2021	31/08/2021	RETRASANDO A CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 1 AO 8 DE SETEMBRO.
000472/2021	01/09/2021	CORRECCIÓN DE ERROS. DECRETO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL EDUCADORA INFANTIL INTERINA
000473/2021	01/09/2021	AMPLIACIÓN SAF EXPTE. 02/2017-D
000474/2021	01/09/2021	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 113
000475/2021	01/09/2021	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 15
000476/2021	01/09/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/44 CONTRATO
000477/2021	02/09/2021	DECRETO DE EXPEDIENTES SANCIONADORES DE MULTAS DE TRÁFICO.
000478/2021	02/09/2021	DECRETO DA CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE SERVIZOS 07.09.2021. ÁS 13:00 HORAS.
000479/2021	02/09/2021	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 10/2020-D
000480/2021	03/09/2021	CONVOCATORIA PLENO 08.09.2021

O Pleno queda enterado.

4º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2021.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 2º trimestre de 2021, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno queda enterado.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2021.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 2º trimestre de 2021, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno queda enterado.

6º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUME DOS RESULTADOS DE CONTROL INTERNO EXERCICIO 2020 DO CONCELLO.

Dada conta do informe sinalado, asinado pola interventora con data 26.04.2021, e remitido con anterioridade ao Ministerio de Facenda, no que se sinalan as seguintes deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción:

As conclusións e recomendacións sinaladas no apartado III poñen de manifesto as seguintes deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción elaborado polo Presidente da Corporación:

1º) Levar a cabo unha oportuna previsión e planificación que permita efectuar, en todo gasto, a súa correspondente proposta de gasto e iniciar os trámites para a contratación polo procedemento adecuado conforme a Lei 9/2017 desas prestacións e, se non son suficientes os medios persoais e técnicos, especialmente en contratos de maior complexidade técnica sería moi conveniente poder contar coa asistencia doutras administracións superiores.

2º) Elaborar un plan estratéxico de subvencións para unha adecuada planificación e xestión das mesmas.

O Pleno queda enterado.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA SOBRE A DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE OS DISCURSOS DE ODIIO ADOPTADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA DO 30.07.2021.

Dada conta da proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 07.09.2021, que transcrita di:

Vista a Declaración Institucional da Deputación sobre os discursos de odio adoptada polo Pleno en data 30 de xullo de 2021, que transcrita di:

Declaración Institucional sobre os discursos de odio.

Os discursos de odio poden definirse como calquera forma de comunicación de palabra, por escrito ou a través do comportamentos, que constitúan un ataque, utilizando unha linguaxe peyorativa ou discriminatoria por razón de relixión, orixe étnico, nacionalidade, raza, cor, clase social, sexo, xénero ou calquera outro factor de identidade.

É obvio que os discursos de odio teñen a súa orixe na intolerancia, na non aceptación da diferenza, e que repercuten negativamente no clima social e polo tanto teñen consecuencias: non son inocuos, polo que afectan gravemente á convivencia.

Debemos polo tanto rexeitar o preocupante incremento que vemos nos últimos anos dos delitos contra a integridade das persoas, baseados no sinalamento excluínste da diferenza, e que moitas veces, atopan amparo ou teñen orixe nos discursos de organizacións políticas, sociais ou persoeiros públicos.

A protección dos dereitos humanos, a prevención da violencia e a loita contra todo tipo de violencias e discriminacións, precisa dun compromiso claro por parte de todas as forzas políticas no rexeitamento, na non xustificación e por suposto na non utilización dos chamados discursos de odio.

Polo tanto a loita pola igualdade, por conseguir unha sociedade máis xusta, inclusiva, diversa e tolerante, non será posible se non erradicamos do debate social e político os discursos de odio.

Tendo en conta o exposto, os grupos provinciais propoñemos:

1. Que dende todos os grupos políticos da Deputación se faga de xeito unánime á firme condena de todo tipo de atentados contra a vida das persoas, sen cuestionar, amparar ou xustificar as circunstancias persoais das vítimas.

2. Condenar e rexeitar os discursos que pola súa natureza ou contido alentán a discriminación ou trato diferenciado por razón de sexo, xénero, raza, procedencia, etnia, posición social, etc. e que poden contribuír á xustificación de actitudes sexistas, homófobas, xenófobas, etc que non deben ter cabida na nosa sociedade.

3. Promover que en cantos programas, actos, campañas que dependan directamente da Deputación Provincial, conteñan valores compatibles coa igualdade, o respecto á diferenza e á diversidade.

4. Dar traslado de esta declaración ao resto de institucións públicas de carácter estatal, autonómico e municipal, a fin de que poidan sumarse á mesma e atallar entre todas a proliferación dos discursos de odio na esfera pública.

Considerando de suma importancia o apoio a este tipo de declaracións institucionais polo que de pedagóxico pode ter na poboación, e igualmente para avanzar cara unha sociedade máis tolerante e igualitaria, propono ao Pleno do Concello:

1º) Que o Concello de Brión se sume á declaración institucional da Deputación da Coruña sobre os discursos de odio.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

8º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DE 2020.

Dada conta da proposta da alcaldía que transcrita di:

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento do Concello de 2020, e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 9 de agosto de 2021, sometida a exposición pública durante o prazo de quince días hábiles consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, mediante anuncio no BOP núm. 151, do 11 de agosto de 2021 e no taboleiro de edictos do Concello, e non presentándose durante dito prazo ningunha reclamación, reparo ou observación, segundo certificación de secretaría que consta no expediente, proponse a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a conta xeral do orzamento do Concello de 2020.

2º) Consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, render a conta xeral para a fiscalización externa ao Consello de Contas de Galicia, ao abeiro do disposto na resolución do Consello de Contas de Galicia do 1 de xuño de 2016, pola que se ordena a publicación do acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG do 14.06.2016), modificada por resolución do 10 de marzo de 2020, pola que se ordena a publicación do acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia, do 6 de marzo de 2020, polo que se modifica o disposto no acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG do 18.03.2020), debendo remitirse a mesma por intervención.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2) e BNG (2).
 Votos en contra: 0.
 Abstencións: 0.
 Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

9º) MOCIÓNS.

Aprobouse por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia da seguinte moción:

9.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A CALIDADE E A PROTECCIÓN DO ENSINO NO NOSO CONCELLO.

O Sr. Concelleiro Penas Corral da lectura á moción, que transcrita di:

Exposición de motivos:

Durante os dous últimos anos, de forma aínda máis grave do xa habitual nestes últimos 11 anos, vemos como as políticas de acoso e derribo contra o ensino público e por extensión do noso rural por parte da consellería de educación por parte da Xunta de Galiza van en aumento.

Durante o ano pasado a comunidade educativa xa tivo que contemplar como a escola unitaria da Luaña, símbolo da calidade escolar do noso concello e símbolo dunha parte significativa do noso rural foi pechada sen ter o máis mínimo en conta as reivindicacións da comunidade escolar, dos partidos que compoñemos a corporación municipal nin das constantes protestas e mobilizacións das nais e pais dos alumnos afectados. Con ela morría unha parte da historia tamén de todos nós. Non satisfeitos por este peche, este ano súmase o peche dunha das aulas da escolar unitaria de Sabaxáns, unha agresión máis ao colectivo de pais e nais e por conseguinte a outra parte do noso rural, neste caso en Bastavales. A estes peches temos que sumar a nula política de solucións para problemas anteriores como aconteceron no IES Brión hai un par de anos e a constante reivindicación da problemática do comedor no CEIP Pedrouzos. Se a Xunta mostra un desprezo evidente polo ensino público e polo noso rural, xa non digamos pola conciliación familiar nun CEIP cada día máis masificado grazas a que ten a obriga de acoller todos aqueles rapaces e rapazas que proveñen dos centros unitarios vviamente pechados. Nin pensan nos que pechan nin pensan en solucións alternativas. A todo o exposto hai que sumar a nula política de prevención en materia covid deixando sempre as solucións en mans dos concellos e repartindo culpas simplemente nas roldas de prensa do Sr. Feijóo.

A todo o exposto, temos que sumar a nula política de prevención e de anticipación aos posibles problemas de prazas, conciliación e outras problemáticas que de ben seguro poderían ser menores se o goberno municipal tivera unha política clara de previsión en materia de ensino. As constantes derivas dos novos veciños chegados ao noso concello directamente ao CEIP Pedrouzos son unha proba importante da pouca importancia en materia de política de potenciación do noso rural por parte do Concello. A todo isto hai que sumar a constante reivindicación realizada polo noso grupo e polo colectivo escolar en xeral da creación do Consello Escolar Municipal, ente que obviamente non serviría para evitar a desfeita da política educativa do PP pero que axudaría a coordinar, xestionar e traballar en pos de posibles acordos xerais da comunidade para ter unha postura común e traballada previamente por todos, así como establecer liñas acordadas de traballo. Ata 6 veces responderon dende o goberno municipal que se estaba traballando na creación. 6 veces. Sabemos que o goberno municipal se suma a todas as reivindicacións pero tamén sabemos que podíamos ter evitadas algunhas delas cunha política máis proactiva e non de feitos consumados.

Proposición de acordos:

1º) Instar a Xunta de Galiza dende esta corporación municipal a que aporte solucións inmediatas (non promesas valeiras de contido nin chamadas que nunca se chegan a producir) á problemática da unitaria de Sabaxáns e aos problemas de xestión de comedor no CEIP Pedrouzos. En dous días comeza o curso, do mesmo xeito teñen a capacidade de actuar contra o noso ensino con suma celeridade solicitamos e esiximos desta corporación solucións inmediatas e urxentes para o colectivo escolar.

Solicitar unha reunión urxente e inmediata cos responsables de educación da Xunta de Galiza por parte do goberno municipal, reunión efectiva e con solucións.

2º) Instar ao Concello de Brión a creación do Consello Escolar Municipal prometido dende hai máis de dous anos e que aínda non foron quen de constituír. Establecer unha política clara de prevención, axuda e potenciación do ensino en xeral no noso concello e no rural especialmente.

Presentar un programa de conciliación en todas as idades educativas que temos no concello e potenciar as actividades educativas e formativas.

Debate:

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que o noso grupo votaría a favor do apartado primeiro da moción, pero non imos votar a favor dunha moción que cuestiona a nosa forma de gobernar.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que non hai emenda previa presentada e non podemos modificar a moción porque ese punto ten aspectos moi importantes para nós.

O Sr. Alcalde sinala que o anterior alcalde levaba corenta anos e eu un, vai pola sexta vez que o pedides e seguimos traballando niso e cando consideremos que reúne garantías podería facerse.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que a problemática estámola vendo, que sabemos que que coa existencia do consello escolar as problemáticas estarían igual, e remata sinalando que xa tiveron tempo e que ven de moi antigo.

O Sr. Alcalde sinala que seguiremos traballando niso, os funcionarios son os que hai.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Votos en contra: 8, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8).

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do PP (2).

Queda rexeitada a moción.

10º) ROGOS E PREGUNTAS.

10.1. ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADAS POR ESCRITO POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

Sobre a situación de algúns bens do patrimonio histórico e cultural de Brión.

Recentemente levouse a cabo unha roza nos terreos do Castro de Beca ou Castro Lupario que está situado entre o noso concello de Brión e o concello de Rois.

A roza era moi necesaria para que se poidan apreciar as estruturas deste ben patrimonial (declarado Ben de Interese Cultural no ano 2009 pola Xunta de Galiza) pero pode observarse que coa realización da roza a maquinaria empregada provocou danos en varias zonas do castro, erosionando rochas e mesmo movendo algunha pedra da muralla.

Por isto solicitamos:

- . Que o Concello avalíe os danos causados e esixa responsabilidades oportunas.
- . Que se aproveite a situación actual, coa vexetación cortada, para facer un levantamento topográfico do lugar que permita no futuro a realización dos traballos de limpeza dun xeito seguro.
- . Que o Concello de Brión tome a iniciativa para conseguir da Consellaría de Cultura que se inicien canto antes os procedementos necesarios para a execución de estudos e labores cando

menos de consolidación das estruturas do castro que presentan en varios puntos riscos de derrube.

Por outra parte no Castro de Lamiño hai tempo que se detecta un uso inadecuado (circulación de vehículos sobre o castro) que pode danar as estruturas do mesmo. A situación do lugar arqueolóxico é lamentable, cheo de eucaliptos e de maleza que impiden a súa visita.

- Solicitamos que o Concello tome medidas que impidan o deterioro deste valioso patrimonio cultural, que faga o posible porque o patrimonio cultural e histórico pase a ser propiedade pública ou, sendo privados os terreos, teñan unha xestión que permita a súa conservación (obrigada por lei) e o seu desfrute por parte de toda a veciñanza.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que non sabíamos quen era formalmente o responsable dos traballos, que foi o Concello de Rois segundo me informou onte o Sr. Alcalde.

A Srª. Concelleira Cebra Gómez sinala que hai anos fíxose un convenio para levantamento topográfico, que un ano faino Rois e outro Brión, baixo control arqueolóxico, este ano foi Rois e se fixo no terreo que pertence a Rois e o fixo un campo de traballo; respecto do Castro de Lamiño dicir que son terreos privados, intentaremos contactar cos propietarios para telo limpo e o máis acondicionado posible.

O Sr. Alcalde sinala que solicitamos información a Patrimonio e non nos dixo nada, e quero facer un agradecemento ao Sr. Penas que foi o que fixo desde a Deputación os actos deste ano nas Torres de Altamira.

10.2. ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADAS POR ESCRITO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.

Solicitamos ao Concello que na medida do posible se teñan en consideración as seguintes cuestións e se comunique a este grupo municipal as solucións adoptadas sobre as mesmas:

1.- En data 21.04.2021 solicitouse ao Concello unha solución á problemática existente na aldea da Telleira, estrada de Bastavales a Ortoño, na que se podía ver como a auga pasa por encima da estrada, na que se solicitaba que se entubaran as cunetas para poder anchar a estrada e drenar esa auga e darlle saída á mesma. Da parte de Ames a estrada está acondicionada.

A auga erosiona a estrada facendo moi complicado, ás veces, o tráfico de vehículos e do autobús do colexio.

Dende o Concello indicouse que se tiña coñecemento da problemática existente e que se esperaba acondicionar en breve.

Remítense de novo fotografías do estado no que se atopa a estrada e cando se ten previsto facer algunha actuación na mesma.

2.- Tendo coñecemento que se vai celebrar a tradicional festa de Santa Minia, dende este grupo municipal queríamos saber cal é o protocolo covid que se ten previsto de acceso e aforo da festa para ver as actuacións musicais previstas para esas datas, así como para a tradicional tirada de fogos na fachada da capela.

A Srª. Concelleira Cebra Gómez sinala que somos conscientes da problemática, está incluída esta estrada xunto con outras e esperamos que previos os trámites oportunos poida facerse nun futuro.

Respecto da festa da Santa Minia e o protocolo polo Covid seguiremos a normativa da Xunta e faranse controis da policía local e os fogos serán como o ano pasado para evitar aglomeracións, seguiremos todas as normativas que a Xunta nos impoña.

O Sr. Alcalde sinala que esperamos celebrar Santa Minia da mellor maneira posible, en principio se permitirán as polbeiras e en función do que vaiamos pensando se vos comunicará.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e corenta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.



O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González